

«Louise Colet. Portraits de femmes»
Émile Henriot (París, 1889-1961)
Tradución de Isabel Soto

Louise Colet (1810-1846)

Afirmaba que nacera nunha familia de cabaleiros, nun palacio da Provenza. O certo é que o pai da Musa, chamado Antoine Revoil, era un honrado administrador de correos en Aix. Isto non impide que un ame a poesía, e Louise Revoil xa compuxera un gran número de poemas á idade de dez anos, suficientes para encher un gran in-octavo. Era de pluma fácil. E de ancas tamén.

Ademais, era incomparablemente fermosa. «De van esvelto, pescozo dun branco de mármore, cabeza fermosa e expresiva, coroada cun abundante cabelo dun louro dourado, brazos perfectamente torneados e dunha brancura cegadora...». Este é o seu retrato, feito por ela mesma, tal e como se describiu anos máis tarde na súa novela autobiográfica *El*. En canto aos seus brazos, seica non dixo deles: «Sabedes que se atoparon os brazos da Venus de Milo; Onde?; Nas mangas do meu vestido». Non era modesta. Pero a modestia, como todo o mundo sabe, é unha virtude cuxo único mérito é darlles beleza ás que só son bonitas.

Así pois, Louise Revoil –a quen axiña chamaremos Louise Colet– era moi fermosa, e resulta moi difícil distinguir se unha muller moi guapa que escribe ten talento ou non. Os grandes escritores pensaban que tiña moito. Descubriuse que se enganaban cando a señora Colet se converteu nunha anciá. Isto non é moi galante, pero un sofre estas decepcións. A señora Colet causou moitas.

Louise coñeceu un músico tranquilo e tímido que ensinaba no Conservatorio, de nome Hippolyte Colet. Casou con el cando xa tiña certa sona por algúns poemas publicados aquí e acolá. Daquela lanzouse ao mundo das letras e debutou cun volume de versos que a puxo en contacto con algúns dos escritores máis ilustres do seu tempo. Isto ocorreu contra 1835. «Talvez estes versos –escribe no seu prefacio–, morrerían onde naceron, nesta soidade onde non era nin escoitada nin comprendida; pero algúns poetas escoitáronos, outros aplaudíronos, e eu entrégollos ao público sen esperar que sexan lidos...». Sempre se di o mesmo. Pero eses

«poetas» eran moi boa xente. Deixemos que Louise Colet nos fale máis de si. Faino de marabilla:

«Ningunha das grandes voces do século me fallou. Chateaubriand e Béranger foron os primeiros en dicirme: “Vostede é poeta”. Lamartine non desdeñou as miñas cancións de mocidade; Balzac e Humboldt aplaudíronme unha noite; Vigny, Alexandre Dumas, Deschamps e Alfred de Musset estreitáronme a man coma a dunha irmá; Victor Hugo, dende a terra do exilio, repetíume arreo: “Persevera”. Ilustres consolos, que me impediron morrer!».

Chateaubriand, Lamartine, Vigny, Hugo, Musset foron os seus padriños... ou algo así, polo que sei! Aos eloxios destes ilustres colegas, engádase que Louise Colet viu como se lle abrían as difíciles portas da *Revue de Paris*, *Le Constitutionnel*, *Le Journal des Débats*, *La Presse*. Isto proporcionoulle a gloria. E a Academia Francesa, galante, concedeuille en catro ocasións, se non foron cinco, coroas e premios á Musa. Isto proporcionoulle fortuna. E tamén outra cousa. A primeira vez que concorreu a un premio de poesía da Academia, en 1839, o vello Népommène Lemer cier entusiasmouse con aquela poeta de fermoso peito. Dedicoulle un caloroso informe e logo presentou a Musa aos seus colegas Royer-Coyard e Victor Cousin.

Este último era ilustre; a súa doutrina filosófica, literaria e política granxeoulle o favor da Sorbona, da Academia e do mundo oficial. Louise Colet viuno, conmoveuse, el conmoveuse, amouno e foi amada. O inmortal chamáballe «a súa irmá», e a Musa a el «benquerido». Foi unha paixón moi literaria. Víase ao filósofo recomendándolles a súa amiga aos directores de teatro, de revistas ou de simples diarios, desfilando con ela no seu palco oficial cando o nomearon ministro de Instrución Pública, comprometéndoa, nunha palabra, o que non era grave, pero comprometéndose tamén el, ben máis, o que parecía singular nun home tan serio.

Agora ben, Louise Colet deu a luz «algo máis ca un alexandrino», di un bromista. Rimos e chanceámonos. Alphonse Karr debuxou con graza a sentenza moral desta aventura deste xeito: ««É un aguillón de Cousin...»». Louise Colet sóboo, deulle unha volta, recuperouse, correu á casa do seu home e ordenoulle que fose de inmediato darlle morte ao gaceteiro culpable, cousa que Hippolyte Colet non fixo, pois prestáballe ser cornudo, pero non pretendía engadirlle a iso ningún outro ridículo. Daquela, Louise Colet colleu un coitelo de cociña, meteuno no manguito e dirixiuse cas de Alphonse Karr.

«Conseguir un elegante pareceríame teatral –conta ela–, só pensei en actuar con sinxeleza, como convén cando se trata dunha gran dor...». Logo, vai onda Karr, atópao e dille: «Teño que falarlle!», e no momento no que o encantador autor de *As avespas* se aparta para deixar pasar a irascible persoa, ela crávalle o coitelo nos riles. A arma esvarou. A señora Colet desmaiouse pronunciando estas memorables palabras: «Oh, o covarde..., levaba unha coiraza...». Unha vez que recuperou o sentido, Alphonse Karr púxo a na porta e, con moita filosofía, colgou o coitelo na parede, nun cadro, con esta inscrición: «Regalo da señora Louise Colet... nas costas». O seu amigo Gatayes sorprendeuno nese intre, e Karr relatoulle a historia: «As mulleres de letras son moi malas amas de casa. Velaquí outra que acaba de deixar sen parella unha ducia de coitelos...».

Ao día seguinte, Sainte-Beuve foi ver a Cousin para saber que pensaba facer co suceso. Non fixo nada. Pouco despois, Louise Colet volveu ser a Musa. Todo o mundo esquecera a aventura. Foi a época da súa maior gloria. Frecuentaba a casa da vella señora Récamier, onde se reunían grandes decrépitos como Chateaubriand, Ballanche, Villemain e Montmortency. Ela tivo tamén salón de seu na rúa Seine, moi concorrido. O rei recibíuna nas Tuileries... Porén, a gloria non a dotou dun carácter máis agradable. Toda a vida foi extremadamente túzara e de natural alborotador. O pobre señor Cousin tivo unha existencia difícil coa poeta. As escenas eran constantes, nun ton deplorable. Cousin aturou moitas máis cousas...

A Musa visitaba a casa do escultor Praider, a quen chamaba Fidias, e este respondía chamándolle a ela Sapho. En xuño de 1846 coñeceu na súa casa un rapaz alto e forte, cun cumprido mostacho, que quería ser escritor: o seu nome era Gustave Flaubert.

Gustave Flaubert e Louise Colet...! Que parella tan singular! Custa imaxinar caracteres tan dispares. Non obstante, estiveron xuntos. O novelista e a *bas-bleu* entregáronse á dita do amor, que durou un tempo... Existen ecos espléndidos desta relación na admirable correspondencia de Flaubert. A ela acudimos para máis detalles: «Soño co teu rostro, cos teus ombros, co teu pescozo branco, co teu sorriso, coa túa voz apaixonada, violenta e doce asemade, coma un grito de amor... Daríaslle amor a un morto... Non me queiras tanto, que me fas mal! Seica non sabes que amar demasiado nos trae mala sorte aos dous...».

Non hai amor tan fermoso que dure. Louise Colet virouse insoportable para Gustave Flaubert, malia que este se preocupaba moito por ela. Pero *Madame Bovary* interesáballe moito máis! Ela non lle montaba escenas, non o axexaba polas esquinas, non ía buscalo aos

restaurantes para insultalo e enfrontarse a el en público, como facía a Musa.

Flaubert cortou polo san unha mañá. Sen dicir unha palabra, apañou o barco para Constantinopla e durante case dous anos non lle deu sinais de vida á súa escandalosa amante.

En 1852, así a todo, os amantes recuperaron a relación, unha mestura de espantosas escenas e tenrura desbordante. Até que un bo día, o escritor rompeu coa escritora, moi seco, cunhas poucas liñas. E aquilo rematou. A beleza vingouse publicando no seu libro *El* un retrato de Flaubert que non resultaba nada afagador. «Saio branco coma a neve – escribiulle Flaubert a un amigo–, non sen razón, pero como un home insensible, avaro, en resumo, unha sombra imbécil. É o que ten deitarse coas Musas...».

Entre tanto, Louise Colet coñecera a Alfred de Musset. O poeta avellentara, pero nos seus ollos aínda ardía un lume divino... «Só a súa fronte permanecía pura, harmoniosa e sen engurras; o seu cabelo novo e rizado favorecíao...». Os dous poetas amáronse. Ela seguía a ser fermosa. Pero Musset tiña demasiado gusto e delicadeza no corazón para que lle apracesse moito tempo facerlle o amor a esta harpía. Decidiuse a romper e entregoulle ao seu porteiro un retrato de Louise Colet. «Cando esta persoa pregunte por min –díxolle–, conteste que estou no campo».

A señora Colet plasmou en verso a súa aventura con Musset.

Dende o día da súa ruptura definitiva con Flaubert, a Musa viu como o seu astro decrecía de xeito singular. Sainte-Beuve, a quen non deixaba de molestar pedíndolle artigos sobre os seus versos, mandábaa ir ver se chove, pero ela teimaba. Morreulle o home... –que fora do honrado señor Colet? Ela escribiu unha elexía sobre o seu óbito. Cousin non quería nin volver oír falar dela. Marchou a Italia, foi acusada de mil crimes e tivo que volver a Francia. A súa alma amargada, o seu descontento por todo incitárona a rebelarse.

A señora Louise Colet entregouse ás ideas socialistas, republicanas e modernistas en voga daquela. A Comuna brindoulle a triste oportunidade de que se volvese falar dela. Encabezou manifestacións populares, sostendo a bandeira da revolución, e interveu en xuntanzas públicas...

A súa morte, sobrevida o 9 de marzo de 1876, pasou desapercibida. Tanta «gloria» non lle impediu morrer, dixese o que dixese. Fixo o mesmo ruído ca un foguete, afirmou un dos seus biógrafos, o marqués de Ségur. Unha Musa non se improvisa; esta monstruosa mestura dunha Gorgona e

mais dun Trissotin¹ (a expresión é de Barbier d'Aurevilly) aprendeuno polas malas. Pola contra, cómpre certa calidade, nacemento, gusto, graza. E ela non os tiña.

Émile Henriot

1 Personaxe da comedia de Molière *Les Femmes savantes* (1672), un pedante «tres veces parvo» ao que só lle interesan os cartos. Malia que presume de ser un grande erudito en letras e ciencias, só se lle dá ben compoñer versos, apreciados unicamente por Philaminte, Bélise e Armande, as mulleres cultas da peza. O seu nome lexicalizouse na lingua francesa co significado de parvo, pedante, ridículo, vaidoso e interesado.